

2014-2015

Labirinto

Recomendacións

Concursos

Traballos

Visitas

n^oX

Revista do IES Chan do Monte



S umario

Editorial	4
Dende o despacho	5
Día das Letras Galegas	7
Orienta-T	8
Traballos	9
Biblioteca	26
Concursos	36
Obradoiros	38
Festivais	40
Viaxes	42
A Graduación	44
Album	48

E

ditorial

3.000 DÍAS EN CHAN DO MONTE

Por Araceli Queiruga

Para algúns, o centro de traballo non é máis que un lugar onde pasan unhas horas. A súa vida está fóra, onde están os seus seres queridos.

Eu tamén tiña a miña vida fóra hai algo máis de dez anos, coas persoas que quería. Pero un día esa vida parálizase e xa non é túa. Andas pairando nun mar inmenso e logo pasas a ser unha persoa á deriva que só atopa ancoraxe no seu lugar de traballo, con outras persoas queridas, que son os compañeiros de profesión. Alí sentes que todo segue latexando, que aínda hai vida: os rapaces e mozas seguen correndo, berrando, rindo. Iso si, saes de alí e só hai un tremendo baleiro. As persoas que enchían a túa vida xa non están; só queda a súa ausencia, o silencio. Durante estes dez anos Chan do Monte foi o meu refuxio, o espazo vital onde podía sentir e dar afecto. É por iso que sempre me invade unha sensación de abatemento cando se achega o final de curso.

Hai dez anos, paralelamente e este baleiro meu, comezou en Chan do Monte un proxecto colectivo: a publicación da revista do Equipo de Normalización da Lingua Galega, agora chamado Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Quizais o de “normalizar” sexa xa unha batalla perdida e o único que podemos facer é dinamizar coma quen anima un equipo de fútbol, e acabaremos “amenizando” coma unha orquestra na sesión vermú...

Nestes 3.000 días foron saíndo, baixo a coordinación de distintas persoas e coa colaboración doutras moitas, nove números da revista. Agora estamos a piques de editar a número 10 e gustaríame aproveitar este editorial para facer unha chamada á cohesión. Non deixemos que esgace o manto; quizais nalgún momento precisemos gorecernos nel. Como dicía Nick Cave na película 20.000 days on the Earth, “este é o lugar, aquí é onde vivimos”, e só unindo as nosas mans poderemos atopar a saída neste “labirinto”.

P.S.: Quixera dar as grazas, pola implicación na elaboración da revista, a profesores de varios departamentos, especialmente a Elva Boullosa e Teresa Frías (Lingua Castelá), Teresa Moure (Ciencias Sociais), Sonia González (Lingua Estranxeira-Francés), Mar Carballo (Lingua Galega), Lourdes Villanueva e Rosa Villar (Lingua Estranxeira-Inglés), Ana Ginzo (Ciclo de Instalacións Frigoríficas e de Climatización), M^a José Cabaleiro e Isabel Vilas (Relixión Evanxélica e Relixión Católica, respectivamente), Marta Barreiro (Música), Idalia Novelle (Orientación), Verónica Sánchez (Pedagogía Terapéutica e vicedirectora), Aquilino Cavadas (director), Yolanda G.Ulla (Ciclos de Informática) e a todos aqueles que compartiron un retrato da adolescencia con nós.

Así mesmo, dou as grazas aos alumnos que colaboraron aportando traballos de creación (en prosa e en verso), aos que participaron na elaboración do roman-photo en francés e aos que seguen o facebook da biblioteca.

Finalmente, agradezo enormemente o labor do profesor de Informática José Manuel Domínguez Ventín, sen o cal non teríamos revista (polos menos estes dous últimos anos).

Espero que o vindeiro curso poidamos agradecer tamén a participación do noso artista Juan Pastor como deseñador da portada.

D

ende o despacho

Prezado lector:

O prometido é débeda. Con vento e ondas a favor Labirinto chega ás túas mans cunha mochila cargada de ilusión, de frescura xuvenil e novos ingredientes. Atoparás anécdotas, relatos, fotografías, poemas, sorpresas e páxinas coloreadas con matices diversos.

Labirinto é unha obra coral escrita dende este Instituto para todo o centro. Sentímonos, por iso, orgullosos do voso ánimo, do traballo en común, do desafío aos desgustos e adversidades nesa exploración de novas posibilidades comunicativas, voando a imaxinación e despertando letras durmidas.

Na súa produción artesanal e silenciosa, coordinadas polas profesoras Verónica e Araceli, colaboraron moitas persoas con esforzo, implicación e tempo desmedido ao longo de todo un curso. Sen vós e sen a man creativa do profesor Ventín, que lle dá forma material a esta publicación, a revista non sería posible. ¡Grazas a todo o equipo!

Chegado o momento do merecido descanso, felicitar a todos aqueles alumnos que co seu esforzo e traballo acadaron o éxito e a excelencia académica.



Agardando novas aportacións dos nosos reporteiros, esperamos que goceades coa súa lectura.


Vémonos o ano que vén.

Aquilino Cavadas Soto

17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS





XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE naceu en Pontevedra en 1906. Realizou estudos de Dereito, Filosofía e Letras (alcanzando o título de doutor) e Psicoloxía nas Universidades de Santiago de Compostela e Zaragoza. En 1923 formou parte do grupo de fundadores do Seminario de Estudos Galegos, onde dirixiu a sección de Historia da Literatura. Desde ese momento e até a súa morte, acontecida en Pontevedra en 1996, o erudito pontevedrés mantería unha gran actividade na promoción de iniciativas culturais.

Filgueira Valverde iniciou o seu amplo labor docente en 1927 no Instituto de Ensino Medio de Pontevedra. En 1935 gañou unha cátedra no Instituto Balaguer de Barcelona e posteriormente exerceu en Lugo e na cidade do Lárez, da que foi alcalde. Pola súa dedicación ao ensino recibiría o alcume do "vello profesor".

Membro numerario da Real Academia Galega desde 1942 e correspondente das Reais Academias de Historia, de Lingua e de Belas Artes de San Fernando, en 1972 foi nomeado vocal do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Dirixiu ademais o Museo "Rosalia de Castro", o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos e o Museo de Pontevedra. No bienio 1982-83 exerceu o cargo de Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia.

Na década de trinta foi colaborador habitual de *El Pueblo Gallego e Logos*, publicación esta última en que mantería unha sección de comentarios bibliográficos asinados co pseudónimo J. A. Para alén destes artigos, a súa obra literaria atinxe a narrativa, a poesía, o ensaio e o teatro. Así, na súa produción figuran o libro de relatos *Os nenos* (1925) e a semblanza *O vigairo* (1927); o texto teatral *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936) —estreado en 1932—, de novo asinada por J. Acuña; as antoloxías *Cancioneiriño de Compostela* (1932) e *Cancioneiriño novo de Compostela* (1969), en que recolle composicións do medioevo e etapas posteriores que fan referencia á capital galega, ou o volume de prosas literarias *Quintana viva* (1971).

Porén, a maior aportación de Filgueira Valverde constitúena os seus traballos no campo da investigación. Moitas destas prosas, espalladas pola prensa diaria, foron recollidas polo autor nos nove volumes editados baixo o título xenérico de *Adral* entre os anos 1979 e 1996. As súas aportacións ao coñecemento da lírica medieval verían a luz en 1992 no libro *Estudios sobre lírica medieval: traballos dispersos (1927-1987)*.

(Copiado de Biblioteca Virtual Galega)

A túa imaxe persoal



Pode parecer inxusto, pero hoxe en día, as persoas deben presentar unha imaxe persoal impecable, debendo coidar tanto o exterior coma o interior.

Moita xente relaciona o tema da imaxe persoal con algo superficial, externo, con estar pendente da roupa, da moda, ou do frívolo. Porén, a imaxe persoal é moito máis ca iso e abrangue un exterior que se ve, mais tamén un interior, invisible en si mesmo, pero moi visible a través da imaxe que reciben as persoas coas que contactamos.

A persoa que nos ve por primeira vez percíbemos do seguinte xeito: un 55% recibe unha imaxe visual, composta polo noso atavío, aspecto xeral, aseo, linguaxe corporal ou non verbal e porte, o que se adoita chamar presenza. Un 38% da percepción é auditiva, no senso do ton, da cadencia e o timbre de voz. E só un 7% corresponde ao discurso, ao que dicimos.

De maneira que se ten unha imaxe global das persoas. E se o analizamos ben, isto ten senso, porque co discurso podemos mentir, mais co corpo non. Tal como nos sentimos internamente, as emocións que temos, os nosos pensamentos habituais, reflíctense na cara, na postura e, créase ou non, na roupa que poñemos, no corte de pelo, na combinación de cores que usamos. Somos unha totalidade e actuamos como unha totalidade. Cando alguén ten que elixir entre varias persoas con capacidades semellantes, a diferenza faina a persoa que se ofrece.



Por iso, no mundo actual un non se pode permitir o luxo de ofrecer unha imaxe que comunique unha mensaxe equivocada ou discordante coa súa actividade. Pódese xestionar a imaxe que desexa proxectar, algo que se pode traballar, creando un estilo propio ao potenciar o mellor dun mesmo para que se faga visible no contorno.

